

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE
CONCELLO O DÍA DEZ DE XULLO DE DOUS MIL
DEZASETE: -----**

=====

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

D. Juan - Antonio Deza Otero
D^a M^a Paz Lago Martínez
D. Rafael Domínguez Piñeiro
D^a María Deza Martínez
D. Marcos Guisasola Padín
D^a Silvia Freire Fernández
D. Alfonso Rea Pérez
D. Gonzalo Gonzalo Pita
D. José - Daniel Fernández Piñeiro
D. Jesús - Joaquín Sueiro Méndez
D. David Otero Domínguez
D^a Sandra Fernández Agraso
D. Maximino González Miniño
D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
D. Roberto - Carlos Agís Balboa
D^a Vanessa Rodríguez Búa

NON ASISTE:

D. Jose - Juan Vidal Vilanova (*Interventor*)

SECRETARIO:

D. Angel - Luis López Pita.

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas e catro minutos do día dez de xullo de dous mil dezasete, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ,** reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

UNICO: PROPOSTA DA ALCALDIA PARA INTERPOÑER RECURSO DE CASACIÓN FRONTE A SENTENZA DA SALA DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 1ª, DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, DE DATA 7 DE XUÑO DE 2017, POLA QUE SE DESESTIMA O RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO INTERPOSTO POLO CONCELLO DE SANXENXO CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA DO RECURSO DE ALZADA INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN DO 9 DE XUÑO DE 2016 DO DIRECTOR XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA, POLA QUE SE ACORDOU NON TRAMITAR O PROCEDIMENTO DE DESLINDE ENTRE OS TERMOS MUNICIPAIS DE O GROVE E SANXENXO. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do 05 de xullo de 2017 sobre esta proposta.

O Sr. **Agís Balboa, concelleiro non adscrito**, manifestou que cría que por desgraza, non se ía chegar a ningún lado, o que consideraba unha pena, tendo en conta o diñeiro e o tempo gastado neste asunto.

A Sra. **Rodríguez Búa, concelleira non adscrita**, indicou que nos xuízos podía pasar calquera cousa e que, sendo unha loita emprendida facía moitos anos, había que seguir ata o final.

A Sra. **González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto**, coincidiu na necesidade de interpoñer o recurso para a defensa dos intereses do concello.

O Sr. **Otero Domínguez, concelleiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, dixo que podía ser o paso definitivo, posto que se trataba de interpoñer ante o Tribunal Supremo un recurso contra una sentenza desfavorable ante a decisión da Xunta de non tramitar o expediente para evitar situacións incómodas e, aínda que agarda que se dea unha solución favorable aos intereses do concello, tamén é certo que a algúns lles foi moi ben politicamente con este asunto, se ben ao final as cousas poñen a cada un no seu sitio.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, discrepou sobre se este tema beneficiou mais a un partido que a outro, sendo cada un responsable das súas palabras, engadindo que, independentemente do resultado do xuízo queda claro que desde o concello se defendeu ata o final a postura dos veciños de Noalla e que ían votar a favor da proposta.

O Sr. **Otero Domínguez** precisou que este recurso non era sobre a legalidade do deslinde, senón contra a inactividade administrativa da Xunta, algo que no seu día dende o seu partido, dixeron que ía suceder, especificando que se o Tribunal Supremo da a razón ao concello o que se reactivaría é a tramitación administrativa pola Xunta.

O Sr. **Presidente** aludiu a que se trataba dun tema delicado, governe quen governe na Xunta, lembrando que todo partiu no seu día dun erro deste concello e se a política non resolveu o problema, o mellor é que os tribunais decidan e alí estarán para defender os intereses municipais.

Ao non se producir mais intervencións, o Sr. **Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**-INTERPOÑER RECURSO DE CASACIÓN FRONTE A SENTENZA DA SALA DO
CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, SECCIÓN 1ª, DO TRIBUNAL SUPERIOR DE
XUSTIZA DE GALICIA, DE DATA 7 DE XUÑO DE 2017, POLA QUE SE DESESTIMA
O RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO INTERPOSTO POLO CONCELLO
DE SANXENXO CONTRA A DESESTIMACIÓN PRESUNTA DO RECURSO DE
ALZADA INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN DO 9 DE XUÑO DE 2016 DO
DIRECTOR XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA, POLA QUE SE
ACORDOU NON TRAMITAR O PROCEDEMENTO DE DESLINDE ENTRE OS
TERMOS MUNICIPAIS DE O GROVE E SANXENXO.-----**

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as nove horas e dezaoitto minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**